

II CERTAME DE PARELLAS DE BAILE TRADICIONAL SANTIAGUIÑO DO MONTE



Padrón, 16 de xuño de 2009

BASES DE PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA

Terá lugar o venres 25 de xullo de 2009 na Área recreativa do Santiaguíño do Monte ás 17:00 h.. Os participantes deberán presentar unha hora antes no posto de control do certame.

Os participantes estarán convidados a un xantar gratuito.

Os bailes serán interpretados por parellas (mixtas).

Estabécese unha única categoría sen límite de idade.

SEGUNDA

As parellas que desexen participar (max. 15) no II CERTAME DE PARELLAS DE BAILE TRADICIONAL - SANTIAGUIÑO DO MONTE deberán enviar ó Concello de Padrón, antes do día 21 de xullo o IMPRESO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN xunto co xustificante de ingreso da fianza, ou remitilo por fax ó número 981.81.13.62, ou por correo electrónico á: culturapadron@yahoo.es

O Comité de admisión determinará o número de participantes (máximo 15), tendo en conta a orde de recepción das solicitudes.

TERCEIRA

As melodías serán elixidas ó azar e terán o seguinte esquema: muiñeira e xota de dúas partes e un agarrado.

Puntuarase favorablemente vestilo traxe tradicional.

Ningunha persoa poderá formar parte de máis dunha parella do concurso.

Cada Parella disporá dun tempo máximo de cinco minutos.

Estes 5 minutos repartiranse da seguinte maneira: muiñeira de 2 minutos, xota de 2 minutos e agarrado de 1 minuto (aproximadamente).

A organización enviará toda a información (programa, cambios de última hora etc.) ós participantes úns días antes do concurso.

CUARTA

Estabécese os seguintes premios:

1º Clasificado: 500 € e placa

2º Clasificado: 300 € e placa

3º Clasificado: 200 € e placa

QUINTA

O Xurado cualificador será nomeado pola Comisión Organizadora do II Certame de Parellas de Baile Tradicional - Santiaguíño do Monte, e a súa composición darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

Para a concesión dos galardóns, o xurado terá en conta: a interpretación, dificultade e compenetración das parellas.

O estilo e carácter dos bailes serán necesariamente galegos.

O Xurado poderá descalificar a calquera participante que non se ataña ás bases aquí expostas, e as súa decisión respecto ó resultado do concurso serán inapelables.

SEXTA

Cada participante deberá presentar unha fianza de 50 € no momento de facela súa preinscrición, ingresando na conta **2080 04 93 010000118840** da Entidade Caixa Galicia sita na localidade de Padrón.

A fianza devolverase no posto de control da organización o día da celebración do certame.

Os participantes que non concurran o concurso perderán os dereitos de devolución de dita fianza.

SEPTIMA

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes Bases, así como as decisións do Xurado designado, que serán inapelables.

O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O DÍA 21 DE XULLO DE 2009

Para consultar calquera dúbida, chamar ó teléfono: 686.56.91.09 / 981.81.13.29

II CERTAME DE PARELLAS DE BAILE TRADICIONAL SANTIAGUIÑO DO MONTE



Padrón, 16 de xuño de 2009

IMPRESO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCEDEMENTO Participación no II CERTAME DE PARELLAS DE BAILE TRADICIONAL - SANTIAGUIÑO DO MONTE 2009	CÓDIGO PARTICIPANTE
---	----------------------------

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO

NOME _____
ENDEREZO _____
TELÉFONO _____ FAX _____
DNI _____ IDADE _____
E-MAIL _____

DATOS PARELLA

NOME ARTÍSTICO DA PARELLA _____
CATEGORÍA _____
PEZAS A INTERPRETAR _____

PARA CUBRIR POLO ORGANIZADOR

<u>DATA DE ENTRADA</u>	<u>PARTICIPANTE N°</u>
Asdo.:	

REMITIR ANTES DO DÍA 21 DE XULLO DE 2009 A:

Oficina de Información Xuvenil - Centro Social

Campo do Souto s/n - 15900 Padrón

Fax: 981.81.13.62 e-mail: culturapadron@yahoo.es

Máis información 686.56.91.09 / 981.81.13.29

*XUNTAR CO XUSTIFICANTE DE INGRESO DA FIANZA